

Arte Paleocristiá

Arte paleocristiá

- Convive co Arte romano na clandestinidade ata o Edicto de Milán do 313 no que se permite o Cristianismo, chega ao seu punto álxido a finais de século (edicto de Tesalónica, 380 → o cristianismo pasa a ser a relixión oficial do Imperio).
- Nas catacumbas a arte estaba nos mosaicos, pinturas e sarcófagos, para a súa presenza exterior elixen o modelo romano de Basílica para facer os seus templos.
- Habitualmente as basílicas son de planta rectangular tendendo á cruz latina cun sistema de cubrición alintelado agás na ábsida que ten unha pequena bóveda de cuarto de esfera.


Basílica de Santa Sabina

- Basílica paleocristiá ubicada en Roma, unha das máis antigas conservadas (422-432), onde estaba a casa da matrona Sabina, canonizada como Santa.
- A porta de madeira da Basílica é orixinal do s.V (aínda que estaba en outro lugar)
- É a primeira vez que se mostra iconográficamente a Crucifixión de Cristo → resposta á herexia monofisista (negación da humanidade de Cristo)
- Pranta rectangular de 3 naves coa central máis ancha e elevada cas laterais (disimetría de alturas).
- O transepto non se aprecia exteriormente aínda que xa ten a idea de pranta de Cruz Latina.



Mausoleo de Gala Placidia

- Edificio funerario construído en Rávena entre 425-430 (capital do Imperio Romano de Occidente desde 402).
- Marca a transición entre o Arte Paleocristiá e Bizantino.
- **Planta centralizada (primeira construción de cruz grega no mundo artístico occidental)**
- **Feito con mampostería e ladrillo unidos con argamasa.**
- **Destaca polos seus fermosos mosaicos moi ben conservados tanto nas paredes como no ábside→ Destaca “O Bo Pastor”**
- **A decoración é típica cristiana con temas vexetais (evocando o paraíso) combinados con decoración xeométrica e figurativa (mártires, apóstolos, anxos...)**



Sarcófago de Junio Basso

- Sarcófago do Prefecto de Roma falecido no 359, feito em mármore de Carrara.
- Tipoloxía habitual no paleocristiá preconstantiniano, mantense ata tempo despois.
- É do tipo “columnado” separando as distintas escenas nun dobre friso que representa en altorrelevo o sacrificio de Isaac, o prendemento de Pedro, o prendemento de Xesús, a Poncio Pilatos lavándose as mans, Adan e Eva, Job leproso, Daniel no foxo dos leóns...

